

Sigrid Nunez

O amigo

Tes que entender que non podes esperar
consolarte da túa dor escribindo.

NATALIA GINZBURG, «A miña vocación»

No medio do chan atoparás un cofre grande
e, sentado nel, un can cuns ollos tan grandes coma cuncas de té.
Pero non lle teñas medo.

HANS CHRISTIAN ANDERSEN, «O isqueiro»

A pregunta que realmente trata de responder calquera novela é:
Paga a pena vivir a vida?

NICHOLSON BAKER, «A arte da ficción, n.º 212 »,
The Paris Review

Na década de 1980, en California, un gran número de mulleres camboxanas foi ao médico coa mesma queixa: non vían. Todas elas eran refuxiadas de guerra. Antes de fuxiren do seu país natal foran testemuñas das atrocidades polas cales os Khmer Vermellos, que ocuparan o poder dende 1975 ata 1979, eran ben coñecidos. A moitas desas mulleres violáranas, torturáranas ou vexáranas doutro xeito. Case todas viran asasinar diante delas membros da súa familia. Unha muller que non volvera ver o marido e os tres fillos dende que chegaran os soldados e os levaran dixo que perdera a vista tras chorar todos os días durante catro anos. Non era a única que seica chorara ata quedar cega. Outras sufrían visión borrosa ou parcial, os ollos afectados por sombras e dores.

Os médicos que examinaron as mulleres –unhas cento cincuenta en total– non lles atoparon nada nos ollos. Outras probas revelaron que os cerebros tamén lles funcionaban con normalidade. Se aquelas mulleres dicían a verdade –e había quen o dubidaba, quen pensaba que podían estar finxíndose enfermas porque buscaban atención ou esperaban cobrar unha incapacidade–, a única explicación era cegueira psicossomática.

Noutras palabras, as mentes daquelas mulleres, obrigadas a asimilar tanto horror e incapaces de acumular máis, conseguiran apagar as luces.

Isto foi o último do que falamos ti e mais eu cando aínda estabas vivo. Despois, só o teu correo electrónico cunha

lista de libros que crías que me poderían servir de axuda na miña investigación. E, como estabamos nesas datas, os teus desexos dun próspero ano novo.

No teu obituario había dous erros. A data na que te mudaches de Londres a Nova York: trabucábase nun ano. O nome de solteira de Esposa Un estaba mal escrito. Pequenos erros, que despois corruxiron, pero que todos sabiamos que te exasperarían.

Pero no acto que se fixo na túa memoria oín algo que che faría graza:

Gustaríame poder rezar.

E logo que cho impide?

El.

Impediríao, si. Os mortos viven no condicional, o tempo do irreal. Pero tamén está a extraordinaria sensación de que te volviches omnisciente, de que nada do que fagamos, pensemos ou sintamos se che pode ocultar. A extraordinaria sensación de que estás a ler estas palabras, de que sabes o que van dicir mesmo antes de que as escriba.

É certo que se choras coa intensidade suficiente durante o tempo suficiente podes acabar con visión borrosa.

Estaba deitada. Era en pleno día, pero estaba na cama. Doíame a cabeza de tanto chorar. Durante varios días ti ven unha dor de cabeza palpitante. Levanteime e fun mirar pola xanela. Aínda era inverno, e ao lado da xanela ía frío, había corrente. Pero foi agradable, como tamén o foi apoiar a fronte no cristal xeado. Non deixaba de pestanexar, pero non se me aclaraba a vista. Pensei nas mulleres que choraran ata quedaren cegas. Seguí pestanexando, cada vez máis asustada. Entón vinte. Levabas a cazadora

marrón de aviador, a que era demasiado estreita —e xusto por iso che quedaba mellor— e tiñas o pelo escuro, mesto e longo. Por iso souben que retrocederamos no tempo. Moito. Case trinta anos.

Onde ías? A ningún sitio en particular. Nin a un recado, nin a unha cita. Simplemente paseabas, coas mans nos petos, saboreando a rúa. Era o teu. «Se non podo camiñar non podo escribir.» Pola mañá traballabas e, en certo momento, que sempre chegaba, cando parecía que eras incapaz de escribir unha simple frase, saías e camiñabas unhas millas. Maldicías os días que o mal tempo che impedía facelo (cousa que, no entanto, ocorría moi rara vez, porque non te detían nin o frío nin a chuvia; para que renunciases tería que ser unha auténtica treboada). Cando volvías sentabas de novo a traballar, tratando de manter o ritmo que marcaras durante a camiñada. E canto máis o lograbas, mellor escribías.

Porque todo depende do ritmo, dicías. As frases boas comezan cun latexo.

Publicaches un artigo en internet, «Como ser un *flâneur*», sobre o hábito de pasear e deambular pola cidade, e o lugar que iso ocupa na cultura literaria. Caéronche algunhas críticas por cuestionar que realmente existise a figura da *flâneuse*. Non crías posible que unha muller vagase polas rúas co mesmo ánimo e coa mesma actitude ca un home. Unha paseante estaba suxeita a perturbacións constantes: miradas, comentarios, gabanzas, apalpadelas. Unha muller educana para estar sempre en garda: o tipo ese ía demasiado pegado?, o tipo ese estábaa seguindo? Como pode, pois, relaxarse dabondo para experimentar a perda do sentido de si mesma, o gozo do puro existir, que era o ideal da verdadeira *flânerie*?

Concluíches que o equivalente para as mulleres probablemente fose ir de compras, e en concreto o que fai a xente cando vai mirar sen intención de mercar nada.

Coido que non te trabucaches en nada a ese respecto. Coñezo moitas mulleres que cada vez que saen da casa se teñen que mentalizar, incluso algunhas que prefiren evitar saír da casa. Aínda que, por suposto, só hai que agardar a ter certa idade. Aí xa se volve unha invisible, e problema solucionado.

E fíxate en que usaches a palabra «mulleres» cando en realidade querías dicir «mulleres novas».

Ultimamente camiñei moito pero non escribín nada. Incumprín o prazo de entrega. Déronme unha prórroga por compaixón. Tamén ese prazo o incumprín. Agora o editor cre que me finxo enferma.

Non fun a única que cometeu o erro de crer que, como era algo do que falabas moito, nunca o farías. No fin de contas, non eras a persoa máis infeliz que coñeciamos. Non eras a máis deprimida (pensa en G, en D ou en T-R). Nin sequera eras —aínda que ao dicilo agora soe raro— o de tendencias máis suicidas.

Polo momento que escolliches, tan preto do comezo do ano, poderíase pensar que era un propósito de ano novo.

Unha das veces que falaches diso dixeches que o que te frearía serían os teus alumnos. Naturalmente, preocupábase o efecto que tería neles un exemplo semellante. Aínda así, cando o ano pasado deixaches de dar clase, non lle demos maior importancia, malia sabermos que se dabas clase era porque che gustaba, e non polos cartos.

Noutra ocasión dixeches que nunha persoa que chegou a certa idade podería ser unha decisión racional, unha

elección perfectamente corda, unha solución, mesmo. Non como cando se suicida unha persoa nova, que nunca pode ser máis ca un erro.

Unha vez fixeches que nos esmendrellásemos ao afirmar: «Coido que preferiría unha vida con formato de novela curta».

Facíache moita graza que Stevie Smith dixese da Morte que é o único deus que acode cando o invocan, e tamén as diversas maneiras en que certas persoas dicían que se non fose polo suicidio non poderían seguir adiante.

Paseando con Samuel Beckett unha bonita mañá de primavera, un amigo seu preguntoulle: Un día así non fai que te alegres de estar vivo? Eu non diría tanto coma iso, dixo Beckett.

E non foras ti quen nos contou que tempo atrás Ted Bundy atendía o teléfono dun centro de prevención do suicidio?

Ted Bundy¹.

Ola. Son Ted e estou aquí para escoitarte. Fala comigo.

Colleunos por sorpresa que fose haber un acto na túa memoria. Nós, que che oíramos dicir que nunca queredas algo así, que só a idea te repugnaba. Seica Esposa Tres simplemente decidiu ignoralo? Foi porque non o chegaches a poñer por escrito? Como a maioría dos suicidas, non deixaches unha nota. Nunca entendín por que se lle chama nota, porque haberá quen non sexa breve.

1 Foi un famoso asasino en serie que matou ducias de mulleres, as cales convencía para que o acompañasen tras gañar a súa confianza. (Todas as notas son do tradutor.)

En alemán chámanlle *Abschiedsbrief*, carta de despedida. (Mellor.)

Polo menos respectouse o teu desexo de que te incinerasen, e non houbo funeral, nin *shivá*. No obituario subliñouse o teu ateísmo. «Entre relixión e coñecemento, dicía, unha persoa debe elixir o coñecemento.»

É absurdo que diga unha cousa así alguén que sabe algo da historia xudía, dicía un comentario.

Cando se celebrou a homenaxe xa se dissipara o trauma. A xente distraíase especulando sobre como sería ter todas as esposas na mesma sala. Por non falar das mozas (as cales, como di o conto, non caberían todas xuntas no mesmo cuarto).

Salvo polas diapositivas en bucle, que lembraban de xeito martelante a beleza perdida, a mocidade perdida, aquilo non foi moi distinto doutras reunións literarias. Á xente que conversaba na recepción oíase falar de diñeiro, de premios literarios entregados como desagravio e da última recensión tipo «morte ao autor!». Nestas circunstancias, o decoro requiría a ausencia de bágoas. A xente aproveitaba a oportunidade para facer contactos e poñerse ao día. Rexoubas e acenos de desaprobación porque Esposa Dous revelara demasiado no texto de homenaxe (e agora o rumor de que o ía converter nun libro).

Esposa Tres, todo hai que dicilo, estaba radiante, aínda que irradiaba o frío dunha coitela. Como me compadeza-des, anunciaba o seu porte, como insinuedes que dalgún xeito teño eu a culpa, ábrovos en canal.

Conmovinme cando me preguntou que tal ía o meu libro.

Devezo por lelo, dixox, de forma pouco sincera.

Non sei se o rematarei, dixen.